



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintenove de novembro de dous mil dezaseis; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteún de novembro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMESTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Maria Magali Alvarez Rodriguez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 62, 1º, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o referido inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 24-11-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Dona Eva Maria Rodríguez Rojo**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 17, Pº 1, 2ºA, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o referido inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.



E visto que en data de 21-10-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Antonio Alvarez Alvarez**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 44, sotano, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o referido inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 07-11-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Dona Natalia Durán Miguelez**, con domicilio na rúa Progreso nº 22, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o referido inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 15-11-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

COLOCACION DE LÁPIDA CONMEMORATIVA.-

Visto o escrito de **Don José Luis Alonso Araujo**, con domicilio na avda. de Redondela nº 28, 4º, Ribadavia, no que interesa autorización para cambio de lápida conmemorativa da sepultura terrea nº 404T sita no cemiterio de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda, cos condicionantes establecidos na respectiva ordenanza, acceder ao interesado, pero recordándolle que tal colocación terá carácter provisional e non

suporá dereito de propiedade sobre a devandita sepultura e que antes de proceder a colocación da lápida deberá avisar ao persoal do Concello.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Instituto Nacional de Estadística, escrito comunicando proposta de cifra oficial de poboación en base o Padrón Municipal referido a 1 de xaneiro de 2016 (5.068 habitantes).

- Da Deputación Provincial de Ourense, Resolución do programa de cooperación para o cofinanciamento cos concellos de menos de 20.000 habitantes da adquisición de desfibriladores, concedendo unha subvención por importe de 810,70 euros.

- Acta da sesión ordinaria do Consello Rector do Consello Municipal de Deportes celebrado o 17 de novembro de 2016.

- Da Asociación de Amigo do Patrimonio relixioso de Ribadavia, escrito comunicando a tala de dous árbores na zona do abside de Santo Domingo.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARA CONTRATO MENOR.-

Por parte do Concelleiro de Cultura dase conta da proposta relativa a aprobación de contrato menor de suministro de materiais de limpeza para as distintas instalacións deportivas dependentes do Servizo Municipal de Deportes por importe de 3.500 € ive incluído.

No expediente constan os seguinte elementos:

1. Prego de cláusulas administrativas de data 24.11.2016.
2. Informe de Intervención de data 28.11.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda os seguintes acordos:

1º-Aprobar o prego de cláusulas económico administrativas.

2º.-Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a execución de dita obra, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar de acordo co informe do Director do Servizo: Kifort S.L., Comercial Ferma S.L., Darlim S.L. e Tesis S.L..

TOMA DE COÑECEMENTO DE CONVENIOS DE COLABORACION PARA ACTIVIDADES DE NADAL 2016.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, toma coñecemento dos Convenios seguintes:



1. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2016 e outras coa entidade Consello Regulador da denominación de Orixe Ribeiro, por importe de 2.300 euros.

2. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2016 coa entidade Aqualia S.A., por importe de 2.000 euros.

3. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2016 coa entidade Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, por importe de 1.000 euros.

4. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2016 coa entidade Instalacións Amando S.L., por importe de 1.000 euros.

5. Convenio de Colaboración para o desenvolvemento de actividades do Concello de Ribadavia durante as festas de Nadal 2016 coa entidade Termas de Prexigueiro S.L., por importe de 500 euros.

APROBACION DE CONVENIO

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Asociación de Establecementos Asociados do Ribeiro para o desenvolvemento de actividades de promoción do comercio local.

CONTRATACION DE PERSOAL PARA PROGRAMA DE EDUCACION E APOIO FAMILIAR.-

Con data 27.10.2016 a Dirección Xeral de Inclusió Social dictou Resolución concedendo ao Concello de Ribadavia unha subvención ao abeiro da Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016-2017, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020 (DOG nº 135 do 18 de xullo de 2016)..

Do importe concedido para o ano 2017 corresponde ao Programa de Educación e Apoio Familiar a cantidade de 11.772€

A subvención referida contempla o período 2017 coas seguintes datas de realización de tarefas 01.12.16 - 30.03.17. De acordo coa solicitude faise necesari oa contratación dun técnico que realice as funcións de educador familiar durante o referido periodo e a tempo parcial (5 horas/día).

En base o anterior e visto o informe do Responsable do departamento de servicios sociais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda proceder o chamamento das



persoas inscritas neste posto nas bolsas de emprego vixentes, polo orde establecido os efectos da súa contratación durante o período 01.12.2016 ó 30.03.2017.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia